

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 17**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión **ORDINARIA** que terá lugar no salón de Plenos deste Concello o día **29 de OUTUBRO de 2007**, a continuación do Pleno extraordinario a realizar na mesma data ás nove horas.

1.- Acta anterior. (S. ordinaria 03.09.07)

#### ALCALDÍA

2.- Dar conta de escritos de aceptación de dedicación exclusiva de concelleiros.

#### URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

3.- Ampliación da cantidade global destinada a produtividade no orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 2673/407.

#### XESTIÓN MUNICIPAL

4.- Ampliación da partida destinada a produtividade do orzamento do organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo Zoo.

5.- Ampliación das partidas de produtividade e gratificación do IMD e modificación de crédito a través do suplemento de crédito 04/2007

6.- Expediente de modificación de crédito extraordinario para adquisición dun vehículo de Protección Civil. Exp. 74100-210 Adquisición vehículo.

7.- Cambio de denominación do colexio público de EPA Artes e Oficios. Expte. 8657/332.

#### MOCIÓNS

8.- Do grupo municipal do Partido Popular relativa á problemática do Casco Vello.

9.- Do grupo municipal do Partido Popular instando a inclusión de partidas nos próximos orzamentos para a humanización do Casco Vello.

10.- Do grupo municipal do Partido Popular para a creación dunha Fiscalía especializada en dereito Penal-Laboral na cidade de Vigo.

11.- Do grupo municipal do Partido Popular instando a construción dun colector de recollida de augas na rúa Olímpicos.

- 12.- Do grupo municipal do Partido Popular sobre a necesidade dun centro de atención para nenos e nenas con parálise cerebral.
- 13.- Do grupo municipal do Partido Popular sobre o Paseo Paz Andrade de Bouzas.
- 14.- Do grupo municipal do Partido Popular instando ó mantemento na Praza de Portugal.
- 15.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos a continuación do Pleno extraordinario a realizar na mesma data ás NOVE HORAS horas, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 25 de outubro de 2007

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.